

O grupo de servizos comunitarios do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia queremos poñer publicamente de manifesto a situación que vimos padecendo dende hai tempo no noso campo de traballo e que cada día se agrava máis, chegando na actualidade a unha situación totalmente insostible que precisamos manifestar.

En primeiro lugar é preciso clarificar que os “Servizos Sociais” en moitos concellos aínda están formados tan só por 1 traballador/a social, sen apoio administrativo. Isto incumpre a normativa de servizos sociais comunitarios de Galicia e provoca unha sobrecarga de traballo técnico e administrativo. Diariamente no noso posto de traballo véndonos obrigadas a demorar funcións propias por ter que asumir outras totalmente impropias e imposibilitando o cumprimento dos prazos de tramitación regulamentarios.

En moitos concellos de Galicia, o noso colectivo profesional, formado maioritariamente por mulleres, atópase en situacións laborais moi precarias, con contratos en situación de fraude de lei, sen estabilizar logo de 20 anos de traballo na mesma administración e cuns soldos arredor do salario mínimo interprofesional.

A diario asumimos funcións e encomendas de elaboración de informes técnicos impostas por outras administracións, con prazos imposibles de cumprir para unha estrutura de servizos sociais comunitarios como a existentes, sen planificar nin coordinar a posta en marcha e procedementos, sen escoitarnos. Este xeito de proceder afecta a profesionais e cidadanía e tradúcese nunha presión constante das persoas usuarias, doutras administracións pola demora das tramitacións que prexudican gravemente aos usuarios/as e a saúde mental das profesionais de servizos sociais co conseguinte incremento dos casos de baixas laborais por ansiedade ou estrés dos profesionais do traballo social.

En moitas ocasións debemos buscar información en outras administracións para resolver dúbidas en canto a procedementos que non conseguimos clarear, e se non ir aplicando o criterio individual para resolver, feito que pode crear desigualdades na poboación ao non existir criterios de resolución claros.

Observamos falta de protocolos claros de actuación na tramitación e resolución de procedementos, xestión de recursos e aplicación de normativas. Temos constancia das diferencias de criterios na resolución de recursos relativos ao sistema de dependencia en función de cada provincia, así como resolución de recursos á dependencia atendendo a

circulares internas de cada equipo provincial que descoñecemos cando somos o órgano tramitador. Non existe unha canle de comunicación fluída e áxil que traslade a información.

Ante as últimas modificacións na normativa en materia de Dependencia da **Orde do 30 de novembro de 2023** pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. A información difundida a través dos medios de comunicación e redes sociais sobre o bono de Coidado Familiar e Bono Coidado en Residencia, así como outras modificacións que afectan a solicitude, tramitación e valoración da dependencia, e pola repercusión na actividade diaria dos profesionais do Traballo Social dos servizos sociais comunitarios; este grupo de traballo e o Colexio Oficial de Traballo social de Galicia consideran necesario expoñen o seguinte:

- A linguaxe empregada desprestixia e menospreza á profesión do Traballo Social cando se empregan expresións coma “os traballadores sociais axudarán a solicitar o novo bono”.
- A profesión do traballo social ten como función de valoración social das situacións de perda de autonomía, así como a elaboración de plans de intervención individualizados, e non a simple xestión burocrática de prestacións.
- As expresións empregadas na difusión desta nova anulan a capacidade de valoración e proposta do recurso axeitado (“Solicita o cambio para o Bono Coidado no Fogar. Acode aos Servizos sociais de referencia para obter esta nova axuda”).
- Este tipo de anuncios xera unha expectativa e demanda de recursos e información por parte das persoas usuarias dos servizos sociais tanto no ámbito comunitario como de saúde, que provoca un desbordamento nuns Servizos que, como xa transmitimos en anteriores ocasións, atópanse xa dende hai tempo colapsados, e para a que, ademais, as profesionais non contan coa información nin formación debida por parte da administración convocante.
- A publicidade que se fai deste asunto nos medios de comunicación e polas autoridades da Xunta de Galicia, fan referencia as/os traballadoras/os sociais dos servizos sociais comunitarios como figura que dará información e realizará os trámites para a modificación do servizo ou trámite inicial, pero NON se fai referencia a valoración

profesional, sendo esta a función esencial de valoración do recurso idóneo en cada situación concreta, tendo como resultado a confusión da poboación e convertendo ao traballo social nunha entidade meramente tramitadora.

- As modificacións da lei que teñen como obxectivo mellorar o benestar das persoas en situación de dependencia realizáronse sen ter en conta e sen informar previamente as/os profesionais con implicación directa na cal recae a responsabilidade de información e trámite. Polo tanto solicítase o traslado de información e coordinación cos Servizos Sociais e axentes implicados.
- A información que se está trasladando non ten en conta que para as persoas que reciben o servizo SAF ou centro de día e solicitan o cambio ao bono coidado é necesario acudir aos Servizos Sociais para unha imprescindible dunha valoración técnica.
- A Lei de Dependencia xa establecía que a libranza para coidados no entorno familiar ten un carácter excepcional, polo tanto, si a persoa usuaria xa está desfrutando doutro servizo, como SAF ou centro de día, cunha valoración técnica e avalado por unha preferencia da idoneidade deste servizo, se non se modificaron as circunstancias non pode ser o único criterio de variación o incremento da libranza para coidados no entorno familiar sen ter en conta si o cambio do servizo vai a repercutir no benestar da persoa usuaria.
- Solicítase aclaración de **que Bono de Coidado Familiar non é unha prestación nova, é unha ampliación da libranza, incrementada na súa contía. Esta normativa lévase resolvendo dende a entrada en vigor da Lei de dependencia no ano 2007.** É necesario ter en conta que o propio decreto e orde fai referencia a ampliación de intensidades do SAF e que deben ser solicitadas polas propias persoas interesadas, pero deberá ser a Xunta de Galicia a responsable de informar as persoas usuarias ou en lista de espera do SAF ou centro de día da posibilidade de ampliación e posibilidade de compatibilidade da solicitude, para evitar as desigualdades de acceso á información e recaendo a responsabilidade de comunicación as/os traballadoras/os sociais comunitarios
- Dende as/os profesionais do Traballo Social de servizos sociais somunitarios e profesionais que perseguen a xustiza social e un reparto equitativo e xusto dos recursos sociais considérase que está medida aprobada pola Xunta de Galicia supón una inxustiza que supón que un grado I (apoios puntuais) e un grado III (apoio continuado) van a percibir o mesmo importe de bono de coidados familiar de 5000€/ANO independentemente da capacidade económica.

- En canto aos incrementos dos horarios das intensidades do SAF débese resaltar que NON se tivo en conta os orzamentos dos Concellos, que son os encargados da xestión do servizo, tendo que facer fronte a 50% do custo do servizo, polo que moitos Concellos non poderán aplicar estas novas intensidades.

A profesión de traballo social dos Servizos sociais comunitarios e o COTSG solicitan a corrección inmediata do texto que aparece na publicidade das redes sociais e demais canles de difusión que emprega a Xunta de Galicia. A aclaración á cidadanía de que o Bono de Coidado Familiar non é unha prestación nova, é unha ampliación da libranza, que se teñan en conta aos servizos sociais comunitarios e as/os traballadoras/os sociais e se informe con anterioridade dos cambios e as repercusións que estes implican, que se teñan en conta as valoracións técnicas son imprescindibles para o traballo social e a valoración da idoneidade do recurso para cada persoa usuaria dos servizos.